

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: ____ Data: _____

Lectura e comprensión

Había unha vez un home chamado Augusto, era un tanto feble e a súa maior afección era ler libros de aventuras, que lle facían perder o cabelo. Non era de medo senón que, como todo o mundo sabe, nas bibliotecas non está permitido dobrar as esquinas nin poñer un cartonciño como sinal. Así que cando remataba a lectura, zas!, arrincaba un pelo e, sen que ninguén o mirase, púñao entre as páxinas e cando volvía ao día seguinte, retomaba a historia onde a deixara.

os anos transcorrían, as historias prodigábanse e os pelos de Augusto gastábanse. Pouco a pouco as calvas íanse facendo máis visibles.

Un día buscaba un pelo e deuse conta de que só tiña uns escuálidos pelicos e non lle quedou máis remedio que aforrar: usar o mesmo pelo máis dunha vez, pero isto traía outros problemas, como gardalo?, no peto, nun sobre, nunha lata, pero despois de dous ou tres usos rompía en anacos demasiado pequenos como para servir.

Total, seguía perdendo pelo ata que quedou sen ningún, como faría agora para poder seguir lendo na biblioteca? Mentres pasaba a man polas meixelas. Esa mañá non se afeitara. Abriu os ollos e sorriu. Non se afeitaría nunca máis.

Alberto PIUMINI

Un amor de libro

Edelvives (tradución e adaptación)



Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Lectura e comprensión

1 Que quere dicir que Augusto é un home feble?

2 Por que non está permitido dobrar as follas dos libros das bibliotecas?

3 Que uso lle daba á súa cabeleira?

4 Que pensou para non ter que arrincar un pelo todos os días?

5 A que momento do texto pertencen os debuxos? Descríbeos.





6 Marca con verdadeiro (V) ou falso (F).

Augusto era un home forte e robusto.

Os libros de aventuras facían que perdesse o cabelo.

Usaba un pelo de marcapáxinas.

7 Por que cres que decidiu non afeitarse máis?

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Vocabulario

1 Busca no dicionario e escribe o significado das seguintes palabras.

- Beirarrúa: _____
- Garadamas: _____
- Sacaúntos: _____

2 Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior.

- _____
- _____
- _____

3 Escribe as palabras a partir das que se formaron estes diminutivos.

- ruiniña _____ • casiña _____
- untiño _____ • rapaciña _____
- beiriña _____ • zapatiño _____

4 Completa con aumentativos (con **-on/-ona** e **-azo/-aza**).

- gol: _____
- zapato: _____
- vaso: _____
- porteiro: _____
- cesta: _____

5 Relaciona e forma palabras compostas.


- | | | |
|---------|----------|-------|
| afia • | • louza | _____ |
| lava • | • noite | _____ |
| media • | • lapis | _____ |
| para • | • sol | _____ |
| papa • | • ventos | _____ |

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

1 Observa e contesta.



- Que camiño debe seguir Carapuchiña para ir á casa da súa avoa?

- Os porquiños queren visitar o Pazo de Brancaneves. Que camiño teñen que seguir?

- Quen vive máis lonxe da carballeira?

2 Describe o itinerario que tes que seguir para ir da túa casa ata a escola.
